

Programa Universitario de Maiores – Campus VIGO

Guía Docente: Curso 2024-2025

Información xeral:

Nome materia	“Cogomelos: usos na cultura galega”		
Código /Tipo	IV31407 / Materia Optativa		
Titulación	Universitario/a Senior en Cultura e Sociedade		
Créditos ECTS	1,5	Total horas presenciais	15
Língua impartición	Galego		
Lugar impartición	Aula 011: Edificio Central (Facultade de Comercio), andar cero		
Curso / Semestre	Cuarto Curso/ 1 Cuadrimestre	Horario*	Luns 16:30 -17:30 h
Coordinador/a	María Cabaleiro Alfaya		
Profesorado	María Cabaleiro Alfaya Adrián Melón Raña		
Correo-e	adrian.melon.r@gmail.com m.c.alfaya@gmail.com		
Observacións	Nº prazas: 24 Debido ás características da materia é imprescindible para o correcto desenvolvemento desta que o grupo de alumnos sexa pequeno.		

*Suxeito a modificacións por diferentes necesidades.

Obxectivos xerais:

- Preténdese reforzar a formación en materias relacionadas coa Bioloxía e complementar o coñecemento da biodiversidade e o aproveitamento sostible do medio natural por parte do alumnado.
- Preténdese complementar a formación científica do alumnado sobre cogomelos e a súa identificación, sendo a Micoloxía, unha área da Bioloxía de elevado interese social e ecolóxico.
- Preténdese dar a coñecer a relación do territorio galego co recurso micolóxico e como afectou á historia máis recente de Galicia.

Metodoloxía docente:

Clases de Aula: exposición dos contidos previstos por parte dos docentes de xeito didáctico que permita a participación dos alumnos durante a clase.

Prácticas de laboratorio: sesións no laboratorio de Botánica da Facultade de Bioloxía, para que o alumnado aprenda como funciona un microscopio e cal e o uso que se lle da para a identificación de cogomelos.

Saídas de campo: visita aos arredores do CUVI para a visualización de cogomelos silvestres e estudo da súa distribución no hábitat.

Contidos: Programa teórico

Tema 1	Introdución á micoloxía
Tema 2	Clasificación, morfoloxía e identificación de cogomelos
Tema 3	Zarrotas e cogomelos semellantes
Tema 4	Boletos e cogomelos semellantes
Tema 5	Níscaros e cogomelos semellantes
Tema 6	Cantarelas, trompetas e cogomelos semellantes
Tema 7	Outros cogomelos de interese
Tema 8	Micetismos: intoxicacións por cogomelos
Tema 9	Micogastronomía
Tema 10	Cogomelos medicinais
Tema 11	Etnomicoloxía

Prácticas de laboratorio

Se realizarán prácticas no laboratorio de Botánica da Facultade de Bioloxía

Saídas de campo

Se realizará unha visita ao campus de Vigo para a visualización de cogomelos silvestres.

Avaliación:

Asistencia e participación	O 70% da nota corresponderá coa asistencia da materia: 80% de asistencia=5 puntos, 90%=6 puntos e 100%=7 puntos.	70 %
Exame teórico preguntas de desenvolvemento	O alumnado que o desexe poderá solicitar a realización dun exame de cara a recuperar a puntuación perdida por faltas de asistencia, sempre que o docente o considere pertinente.	
Traballo individual	O 10% corresponderá cun traballo escrito referido á macromicología terá un máximo de 10 folios (incluídas táboas e figuras) e ten que incluír a bibliografía utilizada. Escrito en letra arial 11 e a espazo 1,5.	10 %
Exercicios	O 20% corresponderase coa resolución de problemas ou exercicios relacionados co temario.	20 %

Outros comentarios sobre avaliación e recomendacións:

Esta guía é unha programación didáctica con carácter orientativo que pode experimentar cambios en función de eventualidades diversas que poidan xurdir na súa posta en práctica.